

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 18 de maio de 2004**

**SEÑORES/AS ASISTENTES:**

D<sup>a</sup>. Corina Porro Martínez  
D. José Manuel Figueroa Vila  
D<sup>a</sup>. Lucia Molares Pérez  
D. José Manuel Iglesias Carrera  
D. Antonio Coello Bufill  
D. Ignacio López-Chaves Castro.  
D. Javier Jorge Guerra Fernández  
D<sup>a</sup>. Soledad Polo Lima  
D. Carlos Comesaña Abalde

**NON ASISTEN:**

D. José Manuel Couto Pérez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día dez e media de dous mil catro e baixo a presidencia da Ilma. Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup>. Corina Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados e do titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Manuel Xosé Lorenzo Penela, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa. Esta presente por invitación a interventora Da. Berta Guarner González.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(579).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase, por unanimidade, a acta da sesión 3 de maio de 2004. Deberá incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

**2(580).- RÉXIME RETRIBUTIVO DOS MEMBROS DO TRIBUNAL ECONÓMICO ADMINISTRATIVO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 1181/110.**

A Xunta de Goberno acorda retirar o asunto da orde do día pendente de estudio pola Comisión que informa os regulamentos orgánicos necesarios para a aplicación da Lei de modernización.

**3(581).-SENTENZA DO XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA Nº 1 DE VIGO NO XUÍZO ORD. Nº 783/02 INTERPOSTO POLA COMUNIDAD DE PROPIETARIOS DE REPÚBLICA ARGENTINA Nº 12 E 14, SOBRE RECLAMACIÓN DE COTAS ORDINARIAS DOS PISOS PROPIEDAD DE DO CONCELLO DE VIGO. ESTIMADO.**

Dáse conta da sentenza de data 16.04.04, dictado polo Xulgado de Primeira Instancia nº 1 de Vigo no xuízo de referencia, que falla o seguinte:

Que estimando integramente as pretensións da “Comunidad de Propietarios de República Argentina nº 12 e 14”, debo condenar e condeno ó Concello de Vigo a pagar á Comunidade actora a cantidade de 14.971,63 € máis os xuros legais dende a data da presentación da demanda, con absolución de “la Junta de Compensación urbanizadora I-05 Rosalía de Castro 1”; con expresa condena en custas da parte demandada.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, do que deberá darse conta ós Servizos de Patrimonio e de Planeamento e Xestión Urbanística.

**4(582).- SENTENZA DO TSXG NO RECURSO DE APELACIÓN Nº 7895/2001 INTERPOSTO POLA UNIVERSIDADE DE VIGO CONTRA SENTENZA DO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 3 DE PONTEVEDRA EN RELACIÓN CON DENEGACIÓN DE EXENCIÓN DO IBI-2000. DESESTIMADO.**

Dáse conta da sentenza de data 31.03.04 dictada pola sección terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de apelación de referencia, que falla o seguinte:

Que desestimamos o recurso de apelación interposto pola Universidade de Vigo contra sentenza de 27.04.01 que desestima o recurso interposto contra a resolución do Concello de Vigo sobre denegación de exención do imposto sobre bens inmobles sito na rúa Areal nº 50 de Vigo. Recurso 139/2000 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra. Con imposición de custas ó recorrente.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza da que deberá darse conta ó Servizo de Recursos e Asesoramente e a Administración de Tributos.

**5(582).- SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. Nº 02/4689/00 INTERPOSTO POR D. JUAN CARLOS PRADO ALONSO CONTRA ACORDO PLENARIO DO 27.03.00 SOBRE PERMUTA DE PARCELA EN PP SAMIL, POLÍGONO I. ESTIMADO.**

Dáse conta da sentenza de data 7.04.04, dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debemos estimar e estimamos o recurso contencioso-administrativo interposto por D. Juan Carlos Prado Alonso contra acordo do Concello de Vigo de 27.03.00, sobre expediente de permuta de parcela en PP Samil, Polígono I.- referencia: expte. 97778097, e en consecuencia, anulamos o acto impugnado o cal é contrario a Dereito e condenamos ó Concello de Vigo a que no prazo de dous meses faga entrega a favor da parte actora, da parcela nº 76-B do proxecto de compensación do polígono 1 do Plan Parcial de Samil fase I; sen custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza.

**6(583).- SENTENZA DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 9/03 INTERPOSTO POR CONSTRUCCIONES MIRÓN Y GUTIERREZ S.A. COTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA LIQUIDACIÓN IAE. ESTIMADO.**

Dáse conta da sentenza de data 27.04.04, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimo o recurso contencioso-administrativo interposto por Consturcciones Mirón y Gutiérrez Pontevedra S.A. contra desestimación presunta por silencio administrativo do recurso de reposición formulado contra resolución do alcalde de Vigo de 30.10.02, que desestima as alegacións formuladas ó acta de disconformidade nú. 3/2002, aproba a liquidación do imposto sobre actividades económicas (IAE) dos anos 1998 a 2001, por importe de 60.123,07 €, e impón sanción por importe de 27.547,64 €, actos que anulo por non ser axustados a Dereito, retroaendo as actuacións ó momento anterior á extensión da acta de disconformidade, a fin de que –se se sestima procedente levántala de novo-, se formule con adecuada e suficiente motivación. Sen custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, do que deberá darse conta ós departamentos de Inspección de Tributos, Admón de Tributos e Recursos e Asesoramento.

**7(584).- SENTENZA DO TSXG NO REC. APELACIÓN Nº 363/01 INTERPOSTO POLA AUTORIDADE PORTUARIA DE VIGO CONTRA SENTENZA DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº1 DE VIGO EN RELACIÓN COAS LIQUIDACIÓN DO IBI DO ANO 1999. DESESTIMADO.**

Dáse conta da sentenza de data 31.03.04 dictada pola Sección terceira da sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de apelación de referencia, que falla o seguinte:

Que desestimamos o recurso de apelación interposto por Autoridad Portuaria de Vigo contra sentenza do 31.05.02 desestimando recurso contra desestimación presunta polo Concello de Vigo de recurso reposición formulado contra liquidacións do Imposto sobre bens inobles do ano 1999. Procedemento ordinario 363/2001 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo. Con imposición de xustas ó recorrente.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza do que deberá darse conta ós departamentos de Admón. de Tributos e Recursos e Asesoramento.

**8(585).- SENTENZA DO TSXG NO REC. APELACIÓN Nº 7023/2003 INTERPOSTO POLA AUTORIDADE PORTUARIA DE VIGO CONTRA SENTENZA DO XULGADO CONTENCIOSO Nº 1 DE VIGO EN RELACIÓN CON LIQUIDACIÓNS DO IBI DO ANO 2001. DESESTIMADO.**

Dáse conta da sentenza de data 21.04.04, dictada pola Sección Terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debemos desestimar e desestimamos o recurso de apelación formulado pola Autoridad Portuaria de Vigo contra sentenza de data 24.02.03 dictada no procedemento PO 78/2002 polo Xulgado do Contencioso nº 1 de Vigo sobre sentenza de 24.02.03 que desestima o recurso contra desestimación presunta por silencio administrativo do recurso de reposición formulado contra liquidación do Imposto de bens inobles do ano 2001, dictada polo Concello de Vigo; debendo en consecuencia ser confirmada a sentenza apelada, con imposición de custas desta instancia á entidade apelante.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, do que deberá darse conta ós departamentos de Admón. de Tributos (IBI) e Recursos e Asesoramento.

**9(586).- SENTENZA DO TSXG NO REC. APELACIÓN Nº 7010/2003 INTERPOSTO POLA AUTORIDADE PORTUARIA DE VIGO CONTRA SENTENZA DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO EN RELACIÓN CON LIQUIDACIÓNS DO IBI DO ANO 2001. DESESTIMADO.**

Dáse conta da sentenza de data 21.04.04, dictada pola sección terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debemos desestimar e desestimamos o recurso de apelación formulado pola Autoridad Portuaria de Vigo contra Sentenza de data 18 de decembro de 2002 dictada no procedemento PO 77/2002 polo Xulgado do Contencioso núm. 1 de Vigo sobre sentenza de 18.12.02 que desestima o recurso contra silencio administrativo sobre liquidacións de Bens Inmóbles, ano 2001, dictada polo Concello de Vigo, debendo en consecuencia ser confirmada a sentenza apelada, con imposición de custas desta instancia á entidade apelante.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, do que deberá darse conta ós departamentos de Admón. de Tributos (IBI) e Recursos e Asesoramento.

**10(587).- SENTENZA DO TSXG NO REC. APELACIÓN Nº 7001/2003 INTERPOSTO POLA AUTORIDADE PORTUARIA DE VIGO CONTRA SENTENZA DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO EN RELACIÓN CON LIQUIDACIÓNS DO IBI DO ANO 2001. DESESTIMADO.**

Dáse conta da sentenza de data 25.04.04, dictada pola Sección Terceira da sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debemos desestimar e desestimamos o recurso de apelación formulado pola Autoridad Portuaria de Vigo contra sentenza de data 7.11.02 dictada no procedemento PO 79/2002 polo Xulgado do Contencioso nº 1 de Vigo sobre liquidación do Imposto de bens inmóbles. Sentenza desestimatoria de recurso interposto contra liquidación por Imposto sobre bens inmóbles, ano 2001; dictada polo Concello de Vigo; debendo en consecuencia ser confirmada a sentenza apelada, con imposición de custas desta instancia á entidade apelante.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, do que deberá darse conta ós departamentos de Admón. de Tributos (IBI) e Recursos e Asesoramento.

**11(588).- SENTENZA DO TSXG NO REC. APELACIÓN Nº 7007/2003 INTERPOSTO POLA AUTORIDADE PORTUARIA DE VIGO CONTRA SENTENCIA DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO, EN RELACIÓN CON LIQUIDACIÓNS DO IBI DO ANO 2000. DESESTIMADO.**

Dáse conta da sentenza de data 21.04.04, dictada pola Sección Terceira da sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debemos desestimar e desestimamos o recurso de apelación formulado pola Autoridad Portuaria de Vigo contra sentenza de data 15.11.02 dictada no procedemento PO 76/2002 polo Xulgado do Contencioso nº 1 de Vigo que desestima recurso contra silencio administrativo do recurso de reposición

formulado contra liquidacións do Imposto de bens inmobles do ano 2000; dictadas polo Concello de Vigo, debendo en consecuencia ser confirmada a sentenza apelada, con imposición de custas desta instancia á entidade apelante.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, do que deberá darse conta ós departamentos de Admón. de Tributos (IBI) e Recursos e Asesoramento.

**12(589).- AUTO DO TSXG NO R.C.A. Nº 02/5016/03 INTERPOSTO POR D. JESUS FRANCO MILLÁN CONTRA RESOLUCIÓN DO PRESIDENTE DA AUTORIDADE PORTUARIA DE VIGO E DO DELEGADO DE ESTADO NO CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO, SOBRE INADMISIÓN DE RECLAMACIÓN PATRIMONIAL DE DANOS POR ACCIDENTE. AUTO DE DESESTIMENTO.**

Dáse conta do auto de data 23.04.04, dictado pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que acorda o seguinte:

Aceptar o desestimento do presente recurso realizado polo recorrente Jesus Franco Millan de declarar rematado o procedemento. Proceder ó arquivo dos autos e á devolución do expediente administrativo ó órgano de procedencia. Nons e fai imposición de custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido do auto, do que deberá darse conta ó Servizo de Patrimonio.

**13(590).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. ALTA EXPTE: 41/6699, 13/3826, 13/000.000.**

Examinadas as actuacións dos expedientes, vistos os informe das traballadoras sociais e de acordo cos informes proposta do xefe de Sector de Acción Social, conformados polo concelleiro de Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno acorda conceder a prestación do Servizo de axuda no fogar ás seguintes persoas:

- D<sup>a</sup> Emilia Vidal Acuña. Expte. 13/3826.
- D. Antonio Fariñas Barreiro. Expte. 13/000000.
- D<sup>a</sup> Blanca Nieves de la Rosa Blanco. Expte. 41/6699.

**14(591).- PROXECTO DE CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN HOY POR MAÑANA” PARA DISPOR DE PRAZAS DE GARDERÍA ESPECIALIZADA EN MENORES DISCAPACITADOS. EXPTE. 10735/301.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Benestar Social, do 10.02.04, conformado polo xefe de Sector de Acción Social, o concelleiro-delegado de Asuntos Sociais, a interventora xeral e co conforme do asesor xurídico, a Xunta de Goberno, acorda:

Prestar aprobación ó convenio de cooperación entre o Concello de Vigo e a Asociación Hoy por Mañana para dispor de prazas de guardería especializada en menores discapacitados, e que será subscrito pola Ilma. Sra. Alcaldesa de Vigo e a Presidenta da Asociación “Hoy por mañana” cunha aportación municipal de 6.000 €, coas estipulacións contidas no mesmo.

*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACION HOY POR MAÑANA*

*En Vigo a 1 de marzo de 2004*

*REUNIDOS*

*Dunha parte:*

*A Ilma. Sra. D<sup>a</sup> Corina Porro Martínez, Alcaldesa do Exmo. Concello de Vigo, nomeada na súa sesión plenaria extraordinaria de data 13 de decembro de 2003, e en representación do mesmo, segundo dispón a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local*

*doutra*

*D<sup>a</sup>. Elena Piñeiro García, Presidenta da Asociación Hoy por mañana, inscrita no Rexistro Provincial de Entidades do Goberno Civil de Pontevedra co número 3832, con CIF : G-36806917; con capacidade para asina-lo presente convenio segundo di no artigo 40 dos estatutos da mesma.*

*Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que, para conveniar en nome das entidades que representan, teñen conferidas*

*EXPOÑEN*

*1.- Que as accións desenvolvidas para a atención dos menores discapacitados, petencentes a unidades familiares en situación de desvantaxe social dende equipos multidisciplinares, relacionando institucións como a escola, os servicios sociais, e a propia familia, estanse a amosar como o xeito máis adecuado de traballo.*

*O Concello de Vigo, diante desas necesidades, relacionadas coa problemática que se amosa nas unidades familiares que está a atender dende o seus servicios sociais de atención primaria, ten iniciado accións para atender aquelas.*

*Artellar unha estrutura que atenda a problemática dos menores e a súas familias , tanto a vivida ou sentida como a provocada en terceiros, é unha prioridade a considerar na acción social a desenvolver dende a estrutura municipal*

-----

*2.- As accións de carácter preventivo centradas na inadaptación social, téñense amosado como eficaces, polo que ese feito fai pensar na necesidade de continuar con elas.*

-----

*3.- A Constitución, no seu artigo 39, impón a obriga dos poderes públicos de dispensar unha protección xurídica, económica e social ás familias, os nenos e as nenas e os adolescentes e as adolescentes, no canto ós dereitos que lles son recoñecidos polas normas convencionais e acordos internacionais. Destácase aquí a Convención dos Dereitos do Neno e a Nena da ONU, do 20 de novembro de 1989, ratificado polo Reino de España.*

*4.- O Estatuto de Autonomía de Galicia lexítima a actuación legislativa da Comunidade Autónoma de Galicia no eido da protección da familia, da infancia e a adolescencia, no seu artigo 27, apartados 23 e 24, nos seus títulos competenciais xenéricos de asistencia social e de promoción do desenvolvemento comunitario.*

*5.- A Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, no seu artigo 25.1, di que os municipios no ámbito das súas competencias poden promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade.*

*6.- A Lei 4/1993, de 14 de abril, Galega Servizos Sociais, di no seu artigo 4º que os servizos sociais configúranse como un sistema intergado de protección social orientado á prestación programada de atencións e servizos que possibiliten a mellora da calidade devida e a participación das persoas ou grupos, especialmente daqueles que sofren algún tipo de carencia, marxinación ou desatención selectiva, así como á prevención e eliminación das causas que están na orixe daquelas situacións ,*

-----

*7.- A Asociación Hoy por Mañana é unha entidade con personalidade xurídica propia e capacidade de obrar de conformidade co establecido no ordeamento xurídico.*

*Segundo consta nos estatutos de dita Asociación, no seu artigo 3 di que as fins da asociación son “ promover el desarrollo integral de los niños afectados por parálisis cerebral y patologías afines, y remover los obstáculos que impiden su integración, así como apoyar a los padres y familiares afectados por este problema”*

*No artigo 4 se di que a asociación poderá organizar “todo tipo de actividades para conseguir la promoción e integración de estos niños, y pondrá en conocimiento de la opinión y de los poderes públicos, de las dificultades y carencias en su rehabilitación y educación”*

-----

*8.- O Concello de Vigo reconece á Asociación Hoy por Mañana, a súa capacidade para a realización das accións do proxecto, presentado ó Concello de Vigo e valoradas técnicamente polo persoal municipal.*

-----



9.- Este Convenio queda excluído do ámbito do Real Decreto Legislativo 2/2000 polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

e segundo o manifestado con anterioridade, recoñecéndose expresamente as partes capacidade de obrar para afrontar-las accións motivo de convenio, acordan suscribi-lo presente de acordo coas seguintes

#### CLAUSULAS

Primeira : Obxecto - O Obxecto principal do presente convenio é a colaboración para a atención ós máis cativos con dificultades especiais, na guardería da citada etidade, sendo beneficiarios do mesmo, os nenos e nenas da cidade de Vigo en xeral que o precisen segundo valoración do Departamento de Benestar Social. Como obxecto secundario preténdese o apoio ós pais destes nenos para o desenvolvemento dunha vida o mais normalizada posible, tendo en conta que esta atención non se atopa cuberta polo sistema socio-educativo público.

A guardería atópase ubicada na rúa Sagunto 86 desta cidade, e conta con dúas unidades: una de 0 a 3 anos e outra de 3 a 6 anos, con seis nenos cada unha delas

Segunda : Finalidade - A finalidade do convenio é contar por un período de tempo que non exceda do 31 de decembro de 2004, dunha serie de plazas na citada guardería da Asociación Hoy por Mañana, que non excederán de catro, nas que quedarán cubertos todos os servizos habituais neste tipo de servizo, que xa ven prestando a Asociación.

Terceira : Funcións - As entidades velarán pola correcta e profesional actuación no eido da integración social, e a atención ós máis desfavorecidos no ámbito de accións da guardería, dispoñendo os recursos materiais e humanos necesarios, sendo as encargadas de desenvolver as accións motivo do convenio.

A Asociación Hoy por Mañana, será a encargada de xestionar as accións que sexan necesarias para o funcionamento do centro motivo do convenio.

Será función do Concello de Vigo aporta-los recursos financeiros, supervisa-lo cumprimento das fins, e facilita-las accións motivo de convenio. Así mesmo, o seguimento, control e avaliación última da realización dos mesmos, a través da Comisión de Seguimento que se contempla na cláusula oitava.

Cuarta : Destinatarios - Serán destinatarios do proxecto os menores derivados polos profesionais dos Servizos Sociais Municipais, cando reúnan os requisitos acordados entre as partes.

Quinta : Duración - Terá vixencia durante o tempo que resta do presente ano, a contar dende a data da súa sinatura.

Sexta : Condicións económicas - As condicións económicas que se asumen para a posta en marcha do presente proxecto serán por un importe total de 6.000 (seis mil) euros, con cargo á partida 313.0.227.06.09. de Benestar Social.

O precio máximo conveniado non poderá ser obxecto de incremento algún.

Sétima : *Relación contractual - A sinatura do presente convenio non suporá relación contractual algunha do persoal encargado da organización, desenvolvemento ou calquera outra tarefa do proxecto, coa administración municipal.*

Oitava : *Seguimento e avaliación - Para o seguimento do convenio, así como para a determinación dos criterios non previstos no funcionamento do mesmo, nomearase unha Comisión de Seguimento, composta por dous representantes por cada parte asinante.*

Novena : *Difusión do proxecto - A difusión do proxecto será por conta exclusiva do Concello de Vigo, excepto o que se indica na cláusula decimoterceira.*

Décima : *Avaliación e control do proxecto - A entidade que desenvolve o proxecto, facilitará o acceso dos profesionais do Concello de Vigo ás mesmas, para un meirande control do proceso.*

Undécima : *- Polo presente Convenio, a Asociación Hoy por Mañana, comprométese a:*

*a – Desenvolve-las actividades, proxectos, ou accións nestas plazas de guardería que sexan discutidos previamente por persoal técnico das entidades, atendendo ás orientacións e/ou variacións que se podan acordar polas partes, mediante a Comisión de Seguimento e segundo as prioridades marcadas dende o Concello de Vigo.*

*b – Dispoñe-los medios técnicos, materiais e humanos para o correcto desenvolvemento de aquelas.*

*c - Encargarse de face-los pagos das cantidades correspondentes a terceiros no que respecta a persoal, publicidade, seguros, alugueres, etc., motivados polas accións emprendidas neste convenio.*

*d - Presentar ó Concello un informe de avaliación final completo.*

*e - Introducir calquera outra acción tendente ó correcto desenvolvemento do proxecto, sempre de acordo coas orientacións xerais da Comisión de Seguimento.*

*f – Dispo-los medios para que tódalas actividades desenvolvidas contén cos seguros, persoal titulado, etc. cara á súa correcta execución.*

*g - A redacción de textos, material gráfico e outro material escrito, así como dos contidos das actividades concretas que o compoñen.*

*h – Atende-las indicacións técnicas do persoal técnico municipal, cando sexan precisas para o correcto desenvolvemento das actividades.*

*i - Participar nas reunións de coordinación marcadas, e a petición do persoal técnico do Concello.*

Duodécima: *- O Concello de Vigo, pola súa banda, comprométese a:*

a – *Garanti-la prestación adecuada das actividades e servicios motivo de convenio, como responsable último de todo o proxecto.*

b – *Articula-los medios técnicos para a supervisión da axeitada cobertura das plazas conveniadas*

*Normas Complementarias:*

*Decimoterceira:* - *A pesares de que toda a difusión das actividades deberá ser realizada polo Concello de Vigo, poderá ser exceptuada aquela que, de xeito puntual, sexa decidida pola Comisión de Seguimento.*

*Decimocuarta:* - *Tódolos materiais e instrumentos necesarios para o correcto desenvolvemento da actividade serán aportados pola entidade que desenvolve a acción, a Asociación Hoy por Mañana, excepto nos casos nos que sexa o Concello quen realice dita aportación, e como acordo entre as partes.*

*Así mesmo, por acordo expreso das partes asinantes do presente convenio, poderá contarse coa colaboración de calquera outra entidade que poida contribuir ó desenvolvemento do obxecto do convenio, tanto polo que respecta a recursos humanos como técnicos ou de outro tipo.*

*Dita colaboración, (non puntual), deberá ser recollida nunha Addenda anexa ó presente convenio, coa conformidade dos asinantes do mesmo, e recollendo expresamente as condicións que sexan necesarias.*

*Decimoquinta:* - *O Concello de Vigo será o interlocutor con calquera asociación, institución, administración ou entidade nos contactos que resulten do proxecto. Así mesmo, calquera realización conxunta de actividades ou colaboracións con terceiros, deberá contar co visto e prace da Comisión de Seguimento.*

*Acordos para resolucións, cancelación ou renovación:*

*Decimosexta:* - *Como norma última, será o Concello quen teña a capacidade de decisión definitiva no referido ó presente Convenio ou accións nel incluídas, caso de non existir acordo entre as partes.*

*Decimosétima:* - *O incumprimento do especificado nas cláusulas, poderá ser motivo de cancelamento da execución deste convenio, previa resolución da Comisión de Seguimento.*

*De se-la Asociación Hoy por Mañana a que non cumprira o acordado, suporá o cancelamento dos pagos pendentes. No caso de non executarse actividades e terse librado por adiantado algunha cantidade, motivará o reintegro da mesma á entidade financiadora, no momento do cancelamento.*

*Presuposto, pago e xustificación:*

*Decimoitava:* - *O Concello de Vigo afrontará os gastos que lle corresponden, por un importe total de 6.000 (seis mil) euros.*

*Decimonovena - o prezo máximo conveniado non poderá ser obxecto de incremento algún.*

*Vixésima- Pagamento: O Concello de Vigo aboará unha cantidade inicial de 3.000 (TRES MIL) euros que supón o 50% do total, para facer fronte ós gastos xerados ó comezo do convenio. Para elo o funcionario responsable municipal do Servizo de Benestar Social, encargado do seguimento da actividade, deberá certifica-la data de comezo de programa.*

*O segundo pago par un importe de 3000 (TRES MIL) euros, que supón o segundo 50% do total do convenio, realizarase previa presentación pola unidade administrativa responsable do seu seguimento, da certificación do cumprimento do convenio..*

*Vixencia:*

*Vixésimoprimeira- O presente convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e estará vixente ata o 31 de decembro de 2004.*

*De acordarse a continuación da colaboración entrambas entidades asinantes no proxecto motivo de asinatura do presente convenio, só será preciso a redacción, trámite, aprobación e sinatura dun novo convenio, no caso de que se afecte ós contidos do presente de xeito significativo. De non ser así, bastará coa sinatura dunha addenda tras de ser realizado-los trámites administrativos necesarios.*

*Así mesmo, e como aparece recollido na Cláusula Decimocuarta, por acordo expreso das partes asinantes do convenio, a colaboración de calquera outra entidade que poida contribuir ó desenvolvemento do proxecto, deberá ser recollida nunha Addenda anexa.*

*Estando de acordo as partes co anteriormente manifestado, asinan o presente convenio en Vigo a 1 de marzo de dous mil catro.*

**15(592).- AUTORIZACIÓN DE GASTO EN CONCEPTO DE ABOAMENTO DE DEREITOS DE AUTOR DA PROGRAMACIÓN DO SERVIZO DE CULTURA DA CONCELLARÍA DE ASUNTOS SOCIAIS PARA O ANO 2004. EXPTE.8283/331.**

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os documentos contables RC polo importe do gasto que se propón realizar e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Cultural, do 4.05.04, conformado polo xefe de dito Servizo e polo concelleiro delegado da Área de Asuntos Socias, a Xunta de Goberno, acorda:

1º.- Que se autorice un gasto de 24.000 € (veinticatro mil €) a favor da Sociedad General de Autores y Aditores (SGAE) CIF.: G-28029643, para atende-las previsións de pagamentos en concepto de dereitos de autor derivados da programación do departamento de cultura da Concellería de Asuntos Sociais para o ano 2004; con cargo a partida 4510.226.08.03 "Programación de música, teatro e danza" do presuposto municipal prorrogado para o ano 2004.

2º.- Que se autorice un gasto xenérico de 3.000 € (tres mil euros) para atender as previsións de pagamentos en concepto de dereitos de autor derivados da programación do departamento de Cultura para o ano 2004 con outras entidades xestoras tales como Vegap, Monje e Boceta, etc, con cargo a partida 4510.226.08.03 “Programación de música, teatro e danza” do presuposto municipal prorrogado para o ano 2004.

3º.- Que se faculte ó Concelleiro-delegado de Cultura para asinar coas anteditas entidades os contratos de autorización de espectáculos concertos e as correspondentes liquidacións de dereitos.

4º.- Que os pagamentos se realicen a través da conta habilitada 2091 0501 61 3110002567 en función da programación e liquidacións concretas.

**16(593).- PRÉSTAMO DA OBRA “CABAZA DUN PEREGRINO FLAMENCO” DO MUSEO FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO Á “SOCIEDAD ESTATAL PARA LA ACCIÓN CULTURAL EXTERIOR DE ESPAÑA S.A.” PARA EXPOSICIÓN. EXPTE.8298/331.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica superior da Casa Galega da Cultura do 30.04.04, conformado polo xefe do Servizo de Cultura e polo concelleiro da Área de Asuntos Social, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Prestar á Sociedad Estatal para la Acción Cultural Exterior de España, S.A. (SEACEX) a obra “Cabaza dun peregrino flamenco” con destino á exposición “Caminos que hicieron Europa: Santiago y su peregrinación”, que terá lugar en Bratislava (Eslovaquia), Slovenské Národné Múzeum (15 setembro-19 novembro 2004) e Cracovia (Polonia), Museo Nacional de Cracovia (decembro 2004-febreiro 2005). A obra que se presta forma parte da exposición permanente da colección de arte galega do Museo Francisco Fernández del Riego na Casa Galega da Cultura (Praza da Princesa, 2, Vigo, CP. 36202). Detalle da obra que se presta: “Cabaza dun peregrino flamenco”. – Decorada con gravados figurativos e tapón recuberto con filigrana de ouro. - Século XVII. – 19 x 12 x 12 cm. – FR-AP-34. – NM 129. Valor a efectos de seguro: 9.000,00 € (nove mil euros).

2º.- O préstamo á Sociedad Estatal para la Acción Cultural Exterior de España, S.A. (SEACEX) efectúase conforme as seguintes condicións:

- a) O préstamo da obra realízase de acordo coas condicións técnicas que se achegan co escrito do presidente da SEACEX, Felipe V. Garín Llombart e o comisario da exposición, José Carlos Valle Pérez.
- b) A Sociedad Estatal para la Acción Cultural Exterior de España, S.A. (SEACEX) responsabilízase de calquera dano ou roubo que poida sufrir a obra prestada polo que deberá contratar a póliza de seguro “cravo a cravo” coas cláusulas especiais para obras de arte polo valor indicado polo

prestador. Con antelación suficiente á saída da obra, SEACEX, deberá proporcionar un certificado desta póliza. A Casa Galega da Cultura enviará unha copia deste certificado á compañía AON GIL Y CARVAJAL (empresa xestora do seguro actual da colección do Museo Francisco Fernández del Riego) para que emita un informe obxectivo de conformidade.

- c) O período de cobertura da póliza de seguro comprenderá dende o 1 de setembro de 2004 hasta o 15 de marzo de 2005 (inclusive).
- d) O transporte das obras realizarase por unha empresa especializada en obras desta natureza; o lugar de recollida e devolución será a Casa Galega da Cultura.
- e) Ademais dos datos de identificación das obras que figurarán na exposición e no catálogo tamén incluírase a referencia: “Ayuntamiento de Vigo / Museo Francisco Fernández del Riego”.
- f) O valor da obra a efectos de seguro é de 9.000,00 € (nove mil euros).
- g) A Sociedad Estatal para la Acción Cultural Exterior de España, S.A. (SEACEX) entregará gratuitamente o Concello de Vigo de 5 a 10 exemplares do catálogo da exposición e publicacións que se editen sobre a exposición.

**17(594).- SOLICITUDE DA AGRUPACIÓN DEPORTIVA XOGARA DO IES DA GUÍA PARA CELEBRAR O EVENTO “XOGA CONNOSCOS ÓS NOSOS XOGOS” NO PARQUE DE CASTRELOS O 27.05.04. EXPTE. 4450/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, vista a solicitude da Agrupación Deportiva Xogara do IES A Guía, e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD do 7.05.04, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno acorda:

Autorizar á Agrupación Deportiva Xogara, do IES A Guía, a celebrar o vindeiro día 27 de maio de 2004 o evento Xoga Connosco Os Nosos Xogos, dirixido a nenos e nenas dos cursos primeiro e segundo de secundaria de tódolos colexios de Vigo que se desenvolverá no Parque de Castrelos, entre ás 9:00 e ás 21:00 h.

**18(595)-PROXECTO DO PRESUPOSTO MUNICIPAL PARA O ANO 2004.**

Dáse conta da proposta do concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal que di o seguinte:

*Visto o contido do expediente que conforma o Presupuesto Xeral que está integrado polo da propia Entidade e os OO.AA. Administrativos, e visto, así mesmo o infomle da Sra. Interventora Xeral, en uso das competencias que me foron delegadas, propónse ó Pleno da Corporación, previo acordo da Xunta de Goberno Local e ditame da Comisión Infomativa da Área de Xestión Municipal, a adopción do seguinte ACORDO:*

- a) *Aprobar inicialmente o Presuposto Xeral do Concello de Vigo para o ano 2004, integrado por:*
- *Presuposto da Entidade Local.*
  - *Presuposto do OO.AA. Instituto Municipal do Deportes. .-Presuposto do OO.AA. Escola Municipal de Artes e Oficios.*
  - *Presuposto do OO.AA. Xerencia Municipal de Urbanismo. -Presuposto do OO.AA. Parque das Ciencias Vigo-Zoo*
- b) *Aproba-las Bases de Execución que serán de aplicación á Entidade Local e os seus Organismos Autónomos, coa salvedade das bases específicas que se aproben para a Xerencia Municipal de Urbanismo.*
- c) *Aproba-las Bases de Execución específicas da Xerencia Municipal de Urbanismo.*
- d) *Aproba-la Relación de Postos de Traballo da Entidade Local e dos seus Organismos Autónomos Administrativos relacionados no parágrafo a) así como as súas instrucións e demais documentación complementaria.*
- e) *Somete-Io expediente ós requisitos de publicidade e exposición pública que regula o artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo, de 5 de marzo.*

*De non terse presentado alegación ou reclamación algunha, o acordo de aprobación inicial elevarase a definitivo, entrando en vigor unha vez publicado na forma prevista no parágrafo 3 do artigo 169 do TRLRFL.*

*O Presuposto definitivo aprobarase con efectos do 1 de xaneiro do ano 2004 e os créditos nel incluídos, terán a consideración de créditos iniciais.*

*Si o dereito positivo de aplicación é alterado por modificación das normas citadas, ou por desenvolvementos da Lei 18/2001, de 12 de decembro, Xeral de Estabilidade Presupostaria, ou por calqueira outra norma legal ou regulamentaria, por o Pleno da Corporación acordaranse os axustes presupostarios ou de liquidación e contables que procedan mediante o axuste das magnitudes, créditos e conceptos que corresponda conforme ás normas de aplicación ou ó interés xeral.*

*O Pleno da Corporación pronunciaráse, previo acordo da Xunta de Goberno Local e ditame da Comisión Informativa da Área de Xestión Municipal, a proposta da Concellería Delegada de Facenda previo informe da Intervención Xeral.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno acorda aprobar o proxecto de Presuposto Xeral do Concello de Vigo para o ano 2004 contido na proposita transcrita á que se lle presta conformidade coa seguinte rectificación:

O apartado d) queda redactado do seguinte xeito:

*Aprobar o cadro de persoal da entidade local e dos seus organismos autónomos administrativos relacionados no parágrafo a) así como as súas instrucións (agás a instrución décimo primeira por contradicir a base de execución 4, 2, a) e demais documentación complementaria.*

**19(596).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL DURANTE OS MESES DE FEBREIRO, MARZO E ABRIL DE 2004. EXPTE. 1004/335.**

Mediante providencia do 7.05.04 o concelleiro delegado do Área de Asuntos Sociais, en cumprimento co establecido na base 31ª das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo prorrogado para o ano 2004, dá conta á Xunta de Goberno do expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo de Festas e Animación Sociocutlural durante os meses de marzo e abril de 2004, e que son os seguintes:

EXPTE. 844/335. CONTRATACIÓN ACTUACIÓNS DA COMPAÑÍA SPAGHETTI TÍTERES PARA O CICLO ENTROIDO NOS BARRIOS.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 13-02-04

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 7545

ADXUDICATARIO: ARTURO PÉREZ CABRAL

IMPORTE: 1.446,90 €

EXPTE. 846/335. CONTRATACIÓN ACTUACIÓNS DA COMPAÑÍA A LOCA MOTORA PARA O CICLO ENTROIDO NOS BARRIOS.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 13-02-04

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 7539

ADXUDICATARIO: GABRIEL PENABAD OTERO

IMPORTE: 1.290,42 €

EXPTE. 847/335. CONTRATACIÓN ACTUACIÓNS DA COMPAÑÍA PABLO NOJES PARA O CICLO ENTROIDO NOS BARRIOS.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 13-02-04

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 7536

ADXUDICATARIO: SOCIEDADE OLIVA

IMPORTE: 1.350,00 €

EXPTE. 848/335. CONTRATACIÓN OBRADOIROS FAMILIARES PARA O CICLO ENTROIDO NOS BARRIOS.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 13-02-04

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 7531

ADXUDICATARIO: FUNDACIÓN IGUAL ARTE

IMPORTE: 4.640,00 €

EXPTE. 854/335. CONTRATACIÓN DE PASARRÚAS PARA O ENTROIDO 2004.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 18-02-04



INFORME INTERVENCIÓN: RC. 9063  
ADXUDICATARIO: WENCESLAO CABEZAS DEL TORO  
IMPORTE: 2.088,00 €  
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 9064  
ADXUDICATARIO: PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL  
IMPORTE: 2.998,60 €

EXPTE. 857/335. RESERVA DE CRÉDITO SERVIZOS TRANSPORTE, MONTAXE E DESMONTAXE SINAIS E VALOS CORTES TRÁFICO ENTROIDO.  
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 19-02-04  
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 11126  
ADXUDICATARIO: VARIOS  
IMPORTE: 3.000,00 €

EXPTE. 864/335. CONTRATACIÓN ACTUACIÓNS DO GRUPO PRINCIPAL DA EMD DURANTE O EXERCICIO 2004.  
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 05-03-04  
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 12620  
ADXUDICATARIO: WENCESLAO CABEZAS DEL TORO  
IMPORTE: 7.920,00 €

EXPTE. 958/335. CONTRATACIÓN TRASLADO E MONTAXE DE EQUIPAMENTO ESCÉNICO PARA O AUDITORIO MUNICIPAL.  
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 02-04-04  
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 16550  
ADXUDICATARIO: PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL, S.L.  
IMPORTE: 4.495,00 €

EXPTE. 999/335. CONTRATACIÓN PRODUCCIÓN TÉCNICA DO III FESTIVAL ALTERNATIVO DE TEATRO E DANZA.  
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 30-04-04  
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 22803  
ADXUDICATARIO: PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL, S.L.  
IMPORTE: 10.506,70 €

A Xunta de Goberno queda enterada.

**20(597).- SOLICITUDE DA MARCHA MUNDIAL DAS MULLERES DA CESIÓN DO AUDITORIO DE CASTRELOS PARA A REALIZACIÓN DUN ESPECTÁCULO MUSICAL O DÍA 22.05.04. EXPTE. 1007/335.**

Examinadas as actuacións do expediente, vista a solicitude de D<sup>a</sup> Ester Mariño Costales en nome da Marcha Mundial das Mulleres, de 7.05.04, e de acordo co informe proposta do técnico responsable do Servizo de Festas, do 10.05.04, conformado polo concelleiro de Festas e Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno acorda:

Autorizar a cesión das instalacións e equipamentos do auditorio ó aire libre do Parque de Castrelos á entidade Marcha Mundial das Mulleres, CIF G-15773013, para a realización dun espectáculo musical o día 22 de maio, según as seguintes condicións:

1. A cesión realizarase entre as 8'00 horas do día 19 e as 8'00 horas do día 26 de maio.
2. A responsabilidade civil e de calquera outra índole derivadas da celebración do espectáculo serán exclusivamente da entidade, como organizadora do mesmo.
3. O Concello encargarse do subministro eléctrico, limpeza do recinto interior e do graderío, xestión da presenza da Policía Local, Bombeiros e Protección Civil.
4. Calquera deterioro nas instalacións ou equipamentos cedidos deberá ser repostado ou reparado de inmediato trala celebración do espectáculo por conta da entidade.

**21(5988).- XUSTIFICANTES DE LIBRAMENTOS.**

Examinados os xustificantes de libramentos remitidos por Intervención Xeral a Xunta de Goberno aproba a seguinte relación dos mesmos:

NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFIC.	REINTEG.	S/FAVOR
ALONSO FERRAGUD SANTIAGO	0416142	690,20	690,20		
CORDOBA ARDAO MANUEL A.	0416947	96,00	96,00		
ESPADARECAREY LUIS	0415017	12.000,00	11.978,60	21,40	
GOMEZ OURO BEATRIZ	0402492	1.024,00	460,96	563,04	
LOPEZ CUESTA ISABEL	0402477	25.000,00	24.981,67	18,33	
LOPEZ MOURE JESUS	0415056	8.727,32	8.727,32		
NUNEZ-TORRON LOPEZ XESUS	0414053	300,00	288,49	11,51	
OJEA PEREZ IGNACIO	0414776	2.548,26	2.548,26		
“	0418172	36,00	36,00		
“	0418173	4.952,24	4.952,24		
OTERO BERBERENA HENRIQUE	0408337	600,00	600,00		
ROCHA PARAMES CESAREO	0405434	300,00	300,60		0,60
RODRIGUEZ CALVO JOSE	0408344	63,00	75,00		12,00
SANLUIS COSTAS AVELINO	0404143	200,00	53,50	146,50	
SOTELO RODRIGUEZ JOSE ANTONIO	0403677	3.000,00	2.524,32	475,68	

SUAREZ SANCHEZ BENJAMIN	0420596	401,12	450,95		49,83
“	0420665	18,33	18,33		
VAZQUEZ GONZALEZ EDUARDO	0403282	191,81	191,81		
TOTAL			58.974,25		

**22(599).- ADXUDICACIÓN DE VEHÍCULOS PARA CHATARRA DO DEPÓSITO DA AVDA. DE MADRID. EXPTE. 69613/210.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do 12.05.04, a Xunta de Goberno acorda:

Adxudicar a “AUTODESGUACES VIGO S.L.”, os vehículos incluídos na relación adxunta para chatarra e que se atopan no depósito da Avda. de Madrid, a razón de 8,12 pts/kg , debendo retiralos no prazo máximo de 10 días seguintes á notificación do acordo de adxudicación e previo pagamento da cantidade.

A pesaxe da chatarra farase no lugar indicado polo concello de Vigo e o seu custe por conta do adxudicatario.

O adxudicatario terá que secciona-lo bastidor dos ciclomotores e motocicletas antes da retirada do depósito debendo garantir que tódolos vehículos enaxenados terán como destino a chatarra.

Matrícula

Marca Modelo

EXPEDIENTE : 4 / 2001

M-1917-DJ	SEAT 131 SUPER
M-9590-EG	FORD FIESTA 957
PO-1054-C	EBRO D-153
PO-1544-O	FORD TAUNUS 2.0
PO-4020-T	SEAT TRANS
PO-0783-U	RENAULT R-9 TSE
PO-3201-V	FORD FIESTA
PO-1666-Z	SEAT TRANS
PO-1222-AG	OPEL KADETT 2.0
PO-3152-AJ	OPEL CORSA 1.2
PO-7733-AV	DERBI GPR 75 SPORT
VA-4088-I	MERCEDES BENZ L-608

EXPEDIENTE : 5 / 2001

CR-6065-I  
LE-3125-E  
MU-1449-Z  
OR-5109-I  
PO-0919-M  
PO-9914-AB  
PO-4839-AL  
PO-8845-AM  
PO-4887-AV

YAMAHA RD 350 CC  
SAVA J-4 1000  
R-21 TXE  
EBRO L 60  
SEAT 128 DEPORTIVO  
RENAULT R-4  
HONDA NSR 75 CC  
PEUGEOT 205 RALLYE  
PGO GALAXY 90

EXPEDIENTE : 6 / 2001

B-1472-FP  
PO-4688-X  
PO-5329-Z  
PO-2406-AC  
PO-9317-AP

FORD FIESTA 957  
RENAULT R-4  
PEUGEOT 205 GTX  
SEAT MARBELLA  
OPEL ASTRA C-16

EXPEDIENTE : 2 / 2002

SIN PLACAS  
SIN PLACAS  
SIN PLACAS  
SIN PLACAS  
OR-0475-J  
Matricula

RENAULT 11- 00S00445  
SEAT IBIZA 01S03257  
SEAT 124 - 01S07733  
RENAULT R-9-01S08976  
RENAULT EXPRESS  
Marca Modelo

PO-9602-AH

RENAULT R-5 TL

EXPEDIENTE : 1 / 2003

B-5534-LD  
C-8892-T  
C-9387-AL  
C-1944-AS  
C-3304-AS  
C-5143-BH  
C-3975-BBD  
CR-9866-J  
LO-2222-I  
LU-1021-I  
LU-0116-L  
M-9492-DN  
M-0455-GH  
M-3653-IU  
M-8782-JM  
M-3338-KT

V.W. POLO  
RENAULT R-18  
RENAULT R-25  
V.W. GOLF  
SEAT MARBELLA  
SEAT IBIZA  
PIAGGIO NGR  
PEUGEOT J 5  
RENAULT R-21  
GUZZI 850 T 5  
CITROEN AX  
FORD FIESTA  
SEAT PANDA  
FORD SIERRA  
PEUGEOT 309  
OPEL KADETT

M-2171-MG	RENAULT TRAFICC
M-1354-MJ	PEUGEOT 205
MU-1972-AH	OPEL KADETT 1.6
O-4012-AB	FORD FIESTA
O-8614-AY	FORD FIESTA
OR-6846-G	MERCEDES MB 100
OR-3408-H	NISSAN VANETTE
PM-3357-AF	SEAT PANDA
PM-7205-AL	SEAT MARBELLA
PM-9526-AT	OPEL CORSA
PO-2221-I	SEAT 127
PO-0973-L	FORD FIESTA
PO-6089-N	RENAULT R-18
PO-2180-O	AVIA FURGONETA
PO-7067-P	TALBOT CHRYSLER
PO-8933-P	CITROEN GSA
PO-9351-S	CITROEN GS
PO-1962-T	YAMAHA 250 CC
PO-5640-U	OPEL CORSA 1.0
PO-8804-U	SEAT TERRA
PO-9963-U	PEUGEOT 205
PO-0353-W	CITROEN C-15 D
PO-5075-W	RENAULT R-4
PO-2076-X	RENAULT R-5
PO-4280-X	NISSAN VANETTE
PO-4474-X	ALFA ROMEO 33
PO-4846-X	SEAT MALAGA
PO-8949-X	FORD ORION
<u>Matrícula</u>	<u>Marca Modelo</u>
PO-5171-Y	V.W. POLO
PO-5320-Z	FORD SCORPIO
PO-5402-Z	RENAULT R-5
PO-6449-Z	NISSAN TRADE
PO-6501-Z	SEAT IBIZA
PO-6683-Z	SEAT IBIZA
PO-8043-Z	NISSAN VANETTE
PO-8885-Z	SEAT IBIZA
PO-0692-AB	PEGASO 174
PO-2792-AB	SEAT MARBELLA
PO-4912-AB	RENAULT R-11
PO-6450-AB	SEAT MARBELLA
PO-0776-AC	FORD FIESTA
PO-3537-AC	RENAULT R-11
PO-7895-AC	VESPA PX 125 CC
PO-3085-AD	RENAULT EXPRESS
PO-4244-AD	RENAULT EXPRESS

PO-5841-AD	RENAULT EXPRESS
PO-8510-AD	RENAULT R-19
PO-2517-AF	MERCEDES 240
PO-4226-AF	V.W. JETTA
PO-5934-AG	CITROEN BX
PO-4284-AH	SEAT TERRA
PO-0729-AJ	LADA SAMARA
PO-0960-AJ	RENAULT R-5
PO-0766-AK	HONDA NSR
PO-1154-AK	RENAULT R-5
PO-9914-AK	SEAT TERRA
PO-0362-AL	FIAT DUCATO MAXI
PO-2863-AL	LADA NIVA
PO-2993-AL	FORD ESCORT
PO-5252-AL	RENAULT R-21
PO-5554-AL	CITROEN C-15
PO-9126-AL	FIAT TALENTO FURGON
PO-0981-AM	V.W. PASSAT
PO-3859-AN	FORD ESCORT
PO-7004-AP	FIAT TEMPRA 1.4
PO-2342-AU	HONDA YUPI NH 90 CC
PO-2156-AX	FORD COURIER
PO-1863-AZ	CITROEN BX
PO-9352-AZ	BMW 524 D
PO-9355-BB	V.W. GOLF
PO-7792-BG	CITROEN BX
T-3602-K	SEAT 131
TO-8632-J	V.W. POLO
<u>Matrícula</u>	<u>Marca Modelo</u>
Z-0187-AF	OPEL KADETT

TOTAL VEHÍCULOS : 122.

**23(600).- OUTORGAMENTO DE SUBVENCIÓN PARA O ALUGUER DO LOCAL SOCIAL DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS “PONTENOVA” FREIXEIRO. EXPTE. 2073/320.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-prosota do xefe de Participación Cidadá, do 23.04.04, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local e pola interventora xeral, que di o seguinte:

*1º.- A orde de data 21.04.04 da Concellería de Participación Cidadá, iniciouse o expediente para o outorgamento dunha axuda económica para renovar a subvención para o local social da Asociación de Veciños “Pontenova” Freixeiro.*

2º.- O Concello de Vigo a través da Concellería de Participación Cidadá e dentro das medidas de fomento do asociacionismo, e como complemento da súa propia actividade, asume a tarefa de proporcionar unha sede digna a tódalas asociacións veciñais do término municipal, que lles permita dispor dun elemento básico referencial e aglutinador da súa vida socio-cultural, acometendo directamente a construción de locais e a súa posterior cesión ou financiando o alugamento vía subvención, ou ben directamente mediante transferencia de capital naqueles supostos nos que sexa imposible acadar outro xeito de levar a cabo esta prestación.

4º.- Un exemplo do anterior o constitúe a parroquia de Freixeiro, cunha poboación preto de 5.989 habitantes e cunha carencia total de equipamentos cívicos es sociocomunitarios; o que se tratará de paliar en breve.

5º.- Deste xeito, e por acordo da Comisión de Goberno de data 07.06.99, vense subvencionando o aluguer do local da Asociación de Veciños “Pontenova” Freixeiro, renovándose o outorgamento de subvención, o ano 2001, 2002 e 2003 por acordo das Comisións de Goberno de data 11.06.01, 18.03.02 e 24.03.03.

6º.- Por escrito da data de entrada no Rexistro Xeral de 20.04.04 (doc. 40039564), a Asociación de Veciños “Pontenova” Freixeiro, solicita subvención para o ano 2004, polo importe total de 2.885€, que permita transitoriamente paliar as anteriores carencias, propoñendo o alugamento dun local na rúa Pastora, 47-baixo da parroquia de Freixeiro.

7º.- A devandita asociación de veciños atópase inscrita no Rexistro municipal de asociacións co número 3/87, coa súa documentación actualizada, e igualmente segundo certificación da Tesourería municipal de data 11.02.04, que se achega ó expediente, non ten débedas pendentes con este Concello.

8º.- Conforme o estipulado pola disposición transitoria segunda da Lei 38/2003, Xeral de subvencións, a actual axuda regularase pola normativa vixente do Regulamento de subvencións aprobado por acordo plenario de data 30.11.88 e 30.03.89 o cal resultará de

aplicación en todo o que non contradiga a Lei 39/88 LRFL e Bases de Execución do Presuposto do Concello de Vigo.

Por todo isto, e de conformidade co establecido na lexislación vixente, Regulamento de Facendas locais e normativa complementaria, proponse á Xunta de Goberno, previo informe de Intervención, a adopción do seguinte acordo:

“Conceder á Asociación de Veciños “Pontenova” Freixeiro, CIF G-36641710, unha subvención pola contía de 2.885€ pagadoira en doce mensualidades vencidas de 240,42€, para financia-lo custo do aluguer do local socio-cultural da citada asociación veciñal para o ano 2004, con cargo á partida 463.1.489.00.00 do vixente orzamento”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

**24(601).- CONTRATACIÓN DA ASISTENCIA TÉCNICA PARA A ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DA AULA MUNICIPAL DE ETNOGRAFÍA. EXPTE. 2021/307.**

### Antecedentes

A Xunta de Goberno en sesión de 19.04.04 aprobou o expediente de contratación por procedemento negociado da asistencia técnica para reorganización e xestión da Aula municipal de Etnografía, acordando negociar co consultor don D. José Valtierra Pérez a contratación de dita asistencia técnica.

Durante o prazo sinalado no oficio da Oficina de Contratación, sen publicación de anuncio, que remataba o 29 de abril do presente ano ás 13 horas, presentou proposición no Rexistro Xeral D. José Valtierra Pérez.

Con data 3.05.04 a Mesa de Contratación procedeu á apertura da documentación presentada acentando a oferta e pasándoa ó Servizo de Patrimonio Histórico para que formule a proposta de adxudicación ó órgano de contratación.

O xefe do Servizo de Patrimonio Histórico o 4.05.04 formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada polo concelleiro delegado de dito Servizo e pola interventora xeral.

### Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade coa devandita proposta, acorda:

Contratar a D. José Valtierra Pérez a asistencia técnica para a organización e xestión da Aula Municipal de Etnografía, segundo a súa oferta presentada no Rexistro Xeral do Concello na data de 27.04.04 por importe de 21.035,42 €.

### **25(602).- CESIÓN DE TERREOS PARA ENSANCHE E MELLORA DO CAMIÑO MAQUÍAS. EXPTE. 39527/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, do 30.04.04, que di o seguinte:

*En data do 2 de outubro de 2003, D. Campio Novoa Costas presentou escrito no Rexistro Xeral do Concello de Vigo no que pon en coñecemento desta Administración municipal o seu propósito de ceder ó Excmo. Concello de Vigo, a superficie da parcela da súa propiedade afectada polo ensanche do camiño Maquías, sempre que se recoñeza a superficie cedida a tódolos efectos urbanísticos*

*D. Campio Novoa Costas afirma ser propietario dunha parcela con fronte ó camiño Maquías, que se describe como segue:*

*“Finca a labradío en el lugar de Cuelleira, con una superficie de 3.176 m<sup>2</sup> y que limita: Norte, Paulino Posada Vila; Sur, camino vecinal; Este, Justo Vila Iglesias; y Oeste, camino de servicio.”*



*O técnico adscrito ó departamento municipal de Cartografía, con data do 21 de abril de 2004, informa que a superficie dos terreos de cesión é de 122,00 m<sup>2</sup>.*

*Os terrenos que se ceden forman parte dunha parcela incluída no núcleo 18.09 Garrida 2 D, calificada como Solo Urbanizable Programado remitido ó Plan Parcial 4 sen desenvolver.*

*A este respecto procede informar que as normas urbanísticas do vixente PXOU de Vigo establecen, no apartado 3.2.2., que nas cesións obrigatorias dos terrenos afectados pola aliñación da rúa á que a parcela dea fronte --supostos de solicitude de obra nova e de rehabilitación integral--, recoñecerase ó propietario a edificabilidade e densidade correspondente á parcela inicial, e que, así mesmo, está considerarse a efectos de parcela mínima. Xa que logo, procede considerar que a cesión anticipada dos referidos 122,00 m<sup>2</sup> de superficie de terreo debe xerar a favor do propietario cedente os mesmos dereitos que os que provoca a cesión determinada pola concesión dunha licenza de obra nova ou rehabilitación integral.*

*Igualmente, e polas mesmas razóns --cesión anticipada e non obrigada de terreos para viais--, procedería recoñecer tales dereitos ó cedente para o caso de que a execución do plan xeral esixese a delimitación dun polígono ou unidade reparcelable.*

*Polo exposto, e de acordo co artigo 127.d) da LRBRL, trala modificación operada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte A C O R D O :...*

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

#### Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade co precedente informe-proposta, acorda:

1º.- Acepta-la cesión gratuita ó Concello de Vigo, por parte de D. Campio Novoa Costas da porción de parcela de 122,00 m<sup>2</sup> de superficie, que se identifica no expediente, a segregar da finca da súa propiedade, con destino ó ensanche do camiño Maquíás.

2º.- Esta cesión deberá elevarse a escritura pública ou documento administrativo auténtico e enténdese sen prexuízo doutras cesións que, con ocasión dunha eventual solicitude de licenza de obra nova ou rehabilitación integral, poidan esixirse por esta Administración municipal de conformidade coas aliñacións que ó efecto se fixen.

3º.- Ter por recoñecido ó cedente na parcela matriz, efectuada que sexa a cesión no correspondente documento público, a edificabilidade e densidade correspondente á superficie cedida, así como considerar esta superficie cedida a efectos de parcela mínima, en relación coa mesma parcela matriz.

**26(603).- PRÓRROGA DA DATA LÍMITE PARA A FINALIZACIÓN E RECEPCIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DO “PASO INFERIOR NA E.N. 550 (TRAVESÍA DE VIGO) E REORDENACIÓN DA INTERSECCIÓN COA RÚA ARAGÓN” EXECUTADO POR CARREFOUR S.A. EXPTE. 4471/401.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta do xerente da Xerencia municipal de Urbanismo, de 29.04.04, que di o seguinte:

**I. ANTECEDENTES:**

*I.1. En sesión plenaria do 27.10.2003 prestouse conformidade á proposta de modificación do convenio asinado o 30.09.1998 entre a Alcaldía e as sociedades mercantís "Centros Comerciales Continente, S.A." e "Centros Shopping, S.A." (hoxe, Carrefour), facultando ó Ilmo. Sr. Alcalde-Presidente para o seu asinamento; feito que tivo lugar nesa mesma data.*

*I.2. En virtude desta modificación, o apartado segundo da estipulación cuarta do Convenio quedou así redactado:*

*«2. Unha vez outorgadas polo Concello as licencias municipais que amparen a construción do proxecto de modificación e ampliación do centro comercial, CARREFOUR obrígase a executar a súa costa, baixo a dirección e inspección dos técnicos que designe o Concello e sen prexuízo da competencia que corresponda ó Ministerio de Fomento e tralo outorgamento dos correspondentes permisos e posta a disposición dos terreos necesarios, as accións viarias e infraestructurais exteriores ó área de implantación, que a súa definición gráfica e característica se recollen con carácter orientativo no plano nº 3 anexo e no documento nº 3 anexo, respectivamente.*

*A tal efecto, CARREFOUR deberá presenta-lo correspondente proxecto ante o CONCELLO, no prazo máximo dun mes a contar dende a concesión das licencias municipais do proxecto de modificación e ampliación.*

*CARREFOUR asume a obriga de sufragar ata o seu total importe o custo derivado da execución do proxecto de «Paso inferior en la C.N. 550 [Travesía de Vigo] y reordenación de la intersección con Rúa Aragón» aprobado polo Concello, aínda que este sexa superior ós 350.000.000 de pts. (2.103.542,36 Euros) acordados no seu día.*

*A data límite para a finalización e recepción destas infraestructuras viarias será o 30 de abril de 2004, a non ser para a execución da glorieta prevista na rúa Cantabria, que deberá estar finalizada no prazo de 45 días desde a data de posta a disposición polo Concello dos terreos necesarios a tal fin.*

*Para o caso de que se incumprise este término, páctase unha penalidade 3.005 Euros./día a aboar por CARREFOUR. Estas cantidades serían destinadas polo Concello á execución de obras de humanización na Travesía de Vigo.*

*Sen prexuízo disto e do disposto no apartado seguinte, a non finalización e recepción daquelas obras non impedirá a concesión das licencias municipais que autoricen a posta en funcionamento do centro comercial».*

*I.3. En data 08.03.2004 tivo entrada no Rexistro xeral da XMU instancia presentada pola representación legal de Carrefour (doc. nº 40023527), solicitando a modificación do convenio no tocante á data de finalización e recepción das obras, «dejando sin efecto la penalización establecida al haber sobrevenido causas ajenas a la voluntad de mi mandante».*

*I.4. Fundamenta esa solicitude na concorrencia de tres diferentes circunstancias que, presuntamente, impedirían á súa representada cumprir o compromiso convencional de finalizar as obras reseñadas antes do 30.04.2004, coa imposición en caso contrario dunha penalidade de 3.005 €/dia. Tales circunstancias son:*

- 1) Paralización dos traballos de execución do tramo final do colector principal, como consecuencia da orde xudicial de suspensión de obra dictada con data 12.11.2003 (notificada o 14.11.2003) polo Xulgado de 1ª Instancia nº 7 de Vigo, no xuízo verbal nº 1055/2003-N, promovido por D. Manuel Cabano Villarino; paralización que tería repercutido na terminación e posta en servizo do colector principal, «lo que ha influido en la fecha de finalización, al ser esta una actividad crítica en el planning de la obra».*
- 2) Retraso da empresa Telefónica na execución dos traballos referentes ó cambio de liñas fronte ó centro comercial de Carrefour, considerando o solicitante que, «sin la eliminación de las líneas que cruzan la calle no es posible terminar la excavación y, consecuentemente, las posteriores actividades para la finalización del Paso Inferior».*
- 3) Ausencia de resposta municipal sobre o tipo de actuación por acometer a respecto do acceso previsto ó colexio de Frián (Teis) e indicación do momento en que se podería executar, «por lo que no es posible estimar minimamente un plazo de finalización».*

*I.5. Traslada da esta solicitude ó enxeñeiro técnico municipal de OO.PP. da Oficina de Planeamento-Xestión e ó Director dos servizos técnicos da Xerencia, que asumiron por Decreto da Alcaldía do 09.07.2003 a supervisión municipal da obra do «Paso inferior en la C.N. 550 [Travesía de Vigo] y reordenación de la intersección con Rúa Aragón», informan o 15.03.2004 que: «A la vista de los plazos de ejecución indicados en el Plan de Obra, y de los realmente empleados en las distintas unidades de obra, se considera que el plazo de UN MES es el retraso imputable a la paralización judicial, en el conjunto de las obras del paso inferior».*

*Sobre a incidencia da execución das obras de Telefónica nas do Paso Inferior, informan tamén que, efectivamente: «Las obras del cruce que Telefónica tiene en la rampa del paso inferior frente al Hiper, tiene incidencia en las unidades de obra de las zonas 1 y 2, firmes, aceras, drenajes, excavaciones, etc.», pero que, no que atinxe ós prazos de desvío de servizos existentes a realizar por Telefónica, é da «incumbencia exclusiva de los acuerdos establecidos entre Carrefour y dicha empresa», polo que só para o caso de que Carrefour acredite a súa ausencia de responsabilidade no retraso das obras de Telefónica se consideraría a repercusión no prazo da obra.*

*I.6. O contido deste informe técnico consta, xunto con outras consideracións de índole xurídica, no informe do técnico de Admón. xeral adscrito á Xefatura da Xerencia do 22.03.2004, que lle foi notificado á representación legal de Carrefour o 26.03.2004, concedéndolle un trámite de audiencia polo prazo de 10 días (Art. 84 LRX-PAC) para que manifestase o que ó seu dereito conviñese e, en todo caso, comunicase a conformidade ou disconformidade da súa representada coa prórroga de un (1) mes (ata o 30.05.2004) proposta polos servizos técnicos municipais.*

*I.7. Dentro do prazo concedido e mediante instancia presentada no Rexistro xeral da XMU o 12.04.2004 (nº doc. 40036201), a representación legal de Carrefour manifesta que consideran insuficiente o prazo de un mes proposto e solicita, en base ás consideracións que no mesmo se conteñen, que o mesmo sexa de tres meses (ata o 30.07.2004).*

*I.8. En data 22.04.2004 celébrase unha reunión na Sala de Xuntas da XMU entre representantes municipais e de Carrefour para tratar este asunto e tentar lograr unha solución satisfactoria para as dúas partes. Logo de debate e discusión, acórdase que o prazo adicional para o remate das obras do Paso Inferior sexa de un mes e medio, fixéndose por tanto a data límite de execución para o 15 de xuño de 2004, o que así tamén se recolle no informe*

conxunto do enxeñeiro técnico municipal de OO.PP. de Planeamento-Xestión e do Director dos servizos técnicos da Xerencia do 27.04.2004. A partir desa data faríase efectiva a penalización prevista no Convenio de 3.000 €/dia.

## II. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, de consideralo oportuno, procedería que polo órgano competente se adoptase o seguinte, «ACORDO

**PRIMEIRO:** De acordo cos informes técnicos emitidos e coa conformidade de «Centros Comerciales Carrefour, S.A.», fixar o 15 de xuño de 2004 como data límite para a finalización e recepción das obras do proxecto do «Paso inferior en la C.N. 550 [Travesía de Vigo] y reordenación de la intersección con Rúa Aragón»; data a partir da que, en caso de incumprimento, fariase efectiva a penalidade establecida no Convenio entre o Concello e Carrefour de data 27.10.2003, a razón de 3.000 €/dia.

**SEGUNDO:** Notificar este acordo a «Centros Comerciales Carrefour, S.A.» na forma prevista legalmente».

### Acordo

A Xunta de Goberno aproba á precedente proposta.

## **27(604).- RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA O ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 1.03.04 SOBRE DESAFIUZAMENTO NA RUA QUINTELA. REXEITADO. EXPTE. 4505/401.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, do 3.05.04, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

1º.- O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 6 de xuño de 2002, adoptou o seguinte acordo:

"Aprobar definitivamente o proxecto de reparcelación da unidade reparcelable delimitada entre as rúas Quintela e Ramón Busch, por acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, con data do 23 de novembro de 2000, redactado pola oficina técnica de Planeamento, con data do 13 de decembro de 2001 (expte. 4280/401) coas modificacións que resultan da estimación parcial das alegacións formuladas por D<sup>a</sup>. Berta Frade Dieste, en escrito presentado ante esta Administración Municipal, con data do 11 de febreiro de 2002, consistentes en:

a )Considerar a D<sup>a</sup>. Berta Frade Dieste como interesada no proxecto de reparcelación e acreedora dun dereito de arrendamento sobre unha vivenda de superficie non inferior á que actualmente disfruta en alquiler na rúa Quintela núm. 49-1º esquerda, de características análogas a ésta, que se emprazará no edificio a construír sobre a parcela de resultado adxudicada a D<sup>a</sup>. Purificación Veiga Correa.

b) Considerar incluídos no proxecto de reparcelación, na conta de liquidación provisional, como indemnizacións a cargo de D<sup>a</sup>. Purificación Veiga Correa, os gastos de realoxo temporal e traslado de D<sup>a</sup>. Berta Frade Dieste que se satisfarán a elección desta, dalguna das seguintes formas:

1. Realoxo temporal nunha vivenda situada en Vigo, rúa Cabalaria núm. 43-1<sup>o</sup> (Sampaio), digna, habitable e dunha superficie de aproximadamente 100 m<sup>2</sup>.
2. Mediante unha indemnización dineraria mensual de 211 euros, que manterá dende o desaloxo da vivenda ata o seu realoxo na nova vivenda a edificar e que no seu momento, aproximadamente no prazo de 18 meses, porá a súa disposición (art. 83 LAU 1964) (xuntamente cos 36 euros que deixa de pagar, alcanza 247 euros).

Ademais, en ámbolos dous casos, dunha indemnización de 601 euros, dunha soa vez, en concepto de indemnización para gastos de mudanza.

c) Considerar gravada a finca adxudicada a D<sup>a</sup>. Purificación Veiga Correa na contía do importe das obrigas dinerarias fixadas no anterior apartado."

2<sup>o</sup>.- Notificado o anterior acordo a D<sup>a</sup> Berta Frade Dieste, por esta, con data 6 de setembro de 2002, presentouse por esta, ante esta Administración municipal, escrito no que considera inadecuada a vivenda ofrecida para o realoxo temporal e solicita que se realicen pola Xunta de Compensación do polígono as xestións pertinentes ante o Concello de Vigo para que por este se lle habilite unha vivenda de promoción pública, en réxime de alquiler, en algun dos núcleos urbanos consolidados dentro da cidade. Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral da Xerencia de Urbanismo de 22 de xaneiro de 2003, D<sup>a</sup>. Berta Frade Dieste volveu a insistir na inidoneidade da vivenda ofrecida para o realóxo temporal.

3<sup>o</sup>.- Con data 26 de setembro de 2003 D<sup>a</sup> Purificación Veiga Correa, como propietaria da parcela de orixe arrendada a D<sup>a</sup>. Berta Frade Dieste, no ámbito da unidade reparcelable Quintela-Ramón Busch, presentou escrito no Rexistro Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo no que comunica que pese o tempo transcorrido, a Sra. Frade Dieste, nin efectuou elección algunha, como se indica na parte dispositiva do acordo de aprobación definitiva do proxecto de reparcelación do dito ámbito nin procedeu a desaloxar a vivenda que ocupa ós efectos da execución das obras urbanización e edificación, coa conseguinte demora e danos e perxuízos para todos os propietarios do ámbito mencionado, solicitando se requira a D<sup>a</sup> Berta Frade Dieste para o inmediato desafiuzamento da vivenda que ocupa baixo os apercibimentos legais que correspondan, aportando a tal fin xustificante da consignación no Concello a favor de D<sup>a</sup> Berta Frade Dieste de 4.399 €, importe da indemnización dineraria mensual de 211 euros para o realoxo temporal por dezoito meses, máis os gastos de mudanza acordados, ata o seu realoxo definitivo na nova vivenda a edificar que, no devandito prazo, porá a súa disposición.

4<sup>o</sup>.- Á vista desta solicitude a Xunta de Goberno Local, en sesión do 1 de marzo de 2004, acordou requerir a D<sup>a</sup> Berta Frade Dieste a fin de que, no prazo máximo de dez días, a contar da notificación do dito acordo, procedese a desaloxar e deixar libre, a disposición desta Administración municipal e do propietario da parcela de resultado na que se empraza, a vivenda que disfruta en alquiler na rúa Quintela núm. 49-1<sup>o</sup> esquerda, coa advertencia á requerida de que de expira-lo devandito prazo de dez días sen que por ésta se tivese realizado o desaloxo ordenado, polo Alcaldía-Presidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo, dentro dos oito días seguintes á expiración do devandito prazo, se lle apercibiría do lazamento no termo doutros 5 días, procedéndose ó mesmo no

día que se sinale, mediante a utilización de medios compulsivos legalmente admitidos, correndo os gastos que se xeneren a custa da requerida.

5º.- O dito acordo foi adoptado en base ás seguintes consideracións xurídicas que se contiñan nos antecedentes do acordo:

I.- Con independencia do procedemento que ante o Concello de Vigo se poida seguir a instancia de D<sup>a</sup> Berta Frade Dieste para a obtención dunha vivenda de protección pública en réxime de alquiler, os escritos presentados por esta nas datas arriba indicadas deben entenderse como unha opción de D<sup>a</sup>. Berta Frade Dieste en favor da opción indemnizatoria polo desaloxo temporal da súa vivenda en tanto non se pon a súa disposición a nova.

II.- De acordo co artigo 125 do Regulamento de Xestión Urbanística, RD 3288/1978, de 25 de agosto, o acordo aprobatorio da reparcelación terá, respecto dos dereitos e cargas que deban extinguirse e das plantacións, obras, edificacións, instalacións e melloras que deban destruírse, o mesmo efecto que a acta de ocupación a efectos expropiatorios, isto é, aprobado o proxecto de reparcelación poderá procederse a ocupación da finca arrendada pola vía administrativa.

III.- Respecto do procedemento de desafuzamento por vía administrativa, dispónse no Título II do Regulamento de Bens das Entidades Locais, RD 1372/1986, de 13 de xuño, que, "Os titulares de dereitos de ocupación extinguidos serán desafuzados conforme as normas do presente título" (artigo 121.3 RBEL); que, "A competencia e o procedemento para dispoñer-lo desafuzamento (...) e levar a cabo o lanzamento terán carácter administrativo e sumario, e a competencia exclusiva das Corporacións locais impedirá a intervención doutros Organismos que non foran os previstos no presente título, así como a admisión de accións ou recursos polos Tribunais ordinarios excepto nos supostos previstos na Lei de Expropiación Forzosa." (artigo 122 RBEL); que, "(...) requirirase ó interesado para que no prazo de dez días desaloxe o predio, vivenda ou local." (artigo 129.2 RBEL); que "1) Se a pesar do requirimento que se dirixera a quenes ocuparen o inmueble expropiado, con título ou sen el, non o desaloxaren dentro dos respectivos prazos, a Corporación procederá, por sí, a executa-lo desafuzamento por vía administrativa. 2) Dentro dos oito días seguintes á expiración do prazo concedido, segundo o artigo anterior, sen que o intesado desaloxase o predio, vivenda ou local de negocio, o Presidente da Corporación apercibiralle de lanzamento no término doutros cinco. 3) O día fixado para o lanzamento a Corporación o executará polos seus propios medios o cal efecto bastará a orde escrita do Presidente, da que se entregará copia ó interesado." (Artigo 130 RBEL); Finalmente, que "Os gastos a que de lugar o lanzamento e depósito de bens serán de conta do desafuzado." (artigo 131 RBEL)."

6º.- Contra este acordo D<sup>a</sup>. Berta Frade Dieste interpuxo, en tempo hábil, recurso de reposición fundado nas consideracións que resumidamente seguen:

- Falta de acreditación da delegación do titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local no técnico de Administración Xeral, o que determina a anulabilidade das actuacións e a necesidade de retrotraelas ó momento de incoación do expediente administrativo.
- Que a Xunta de Compensación non actúa sobre bens de dominio público.
- Non se obrigou ó propietario a inscribir marxinalmente no Rexistro da Propiedade o dereito de realoxo.

- Falta de intervención de D<sup>a</sup>. Berta Frade Dieste na fixación de cuantía indemnizatoria e non remisión das actuacións ó Xurado Provincial de Expropiación.
- Inactividade da Administración respecto da fixación da cuantía indemnizatoria.
- Infracción do artigo 126.5 RBEL, xa que o prazo de 5 meses para abandona-la finca redúcese a 10 días na resolución impugnada e do artigo 128.2.a) do mesmo texto xa que o cálculo se fixo en forma distinta sen notificación á recorrente.
- Infracción do artigo 133 RBEL ó non resultar acreditado que se trate de bens patrimonias do Concello nin de bens destinados a obras e servicios públicos. Ademáis o Concello resulta autorizado por este precepto para ofrecer á recorrente unha vivenda social en substitución da que actualmente ocupa.
- Que se ben a xurisprudencia admite a utilización do desafuzamento administrativo para a execución dunha reparcelación, esta doutrina non pode ser aplicada no presente caso porque o ben xurídico aquí protexido é domicilio.
- Falta de autorización xudicial para a entrada no domicilio do recorrente.

7º.- Con data do 15 de abril de 2004 a interesada presenta escrito a virtude do cal impugna expresamente a consideración xurídica primeira do acordo recorrido en reposición -- “Con independencia do procedemento que ante o Concello de Vigo se poida seguir a instancia de D<sup>a</sup> Berta Frade Dieste para a obtención dunha vivenda de protección pública en réxime de alquiler, os escritos presentados por esta nas datas arriba indicadas deben entenderse como unha opción de D<sup>a</sup>. Berta Frade Dieste en favor da opción indemnizatoria polo desaloxo temporal da súa vivenda en tanto non se pon a súa disposición a nova” -- en base ós seguintes motivos:

- a) Infracción da Disposición Adicional Primeira da Lei 1/1997, do 24 de marzo, do solo de Galicia.
- b) Disponibilidade, por parte desta Administración municipal, de vivendas sociais para realoxar á recorrente; outorgamento de licencias de obra no ámbito ó amparo dos artigos 78 de 79 LAU/64 e obriga do Concello de realoxar á recorrente nunha vivenda social como carga asumida no condicionado da licencia.
- c) Incongruencia mixta e desviación de poder na dita consideración xurídica primeira xa que a afirmación que nela se contén non se funda en ningunha presunción nin en aplicación analóxica da norma xurídica algunha.

8º.- No mesmo escrito do 15 de abril de 2004, a recorrente, ó amparo do disposto na Disposición Adicional Cuarta da Lei 1/1997, do 24 de marzo, do solo de Galicia, en relación co artigo 1 LEF e o previsto no título III RBEL, así como o previsto na Lei 8/1990 e TRLS/1992 respecto dos patrimonios municipais do solo, interesa a adxudicación, por vía de EMERXENCIA SOCIAL, á comparecente dunha vivenda de promoción pública en alquiler, en base ós motivos que no mesmo escrito expoñen.

9º.- Con data 3 de maio de 2004 D<sup>a</sup> Purificación Veiga Correa comunicou a esta Administración municipal o seu compromiso de ampliar, ó seu cargo, á cantidade aprobada para facer fronte ó realoxo temporal en alquiler de D<sup>a</sup> Berta Frade Dieste, en tanto non se constrúa o novo edificio “na cantidade adecuada, racional, que sexa necesaria para que D<sup>a</sup> Berta Frade Dieste poda alcanzar unha vivenda similar á a desocupar no barrio ou zona que actualmente ocupa (...) durante o tempo que se necesite para o realoxo (na nova edificación) unha vez realizadas as obras”.

#### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I.- A notificación do acordo recorrido, dentro do período transitorio de adaptación do funcionamento da Xerencia Municipal de Urbanismo á Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, foi feita polo técnico da administración xeral, adscrito á oficina de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo, seguindo instrucións do titular do órgano de apoio da Xunta de Goberno Local, ó que, de conformidade coa disposición adicional oitava da dita Lei, correspóndelle a función de fe pública na Xerencia Municipal de Urbanismo, e que, con data 10 de marzo de 2004, ratificou formalmente a encomenda a este o outros técnicos do devandito departamento das notificacións de resolucións e acordos adoptados nos expedientes que se tramitan pola dita oficina, tal e como consta na resolución da citada data, copia da cal obra no expediente.

En todo caso, trátase dunha notificación de acordo que reúne todos e cada un dos requisitos sinalados no artigo 58.2 da LRPAC, de xeito que, aínda que se estimase que incurre en defecto de forma ó vir asinada polo técnico da administración xeral e non polo titular do órgano de apoio a Xunta de Goberno Local, non incurriría, de acordo co artigo 63.2 LRPAC, en anulabilidade, pois non carece --antes o contrario, os reúne todos-- dos requisitos formais indispensables para alcanzar o seu fin, nin da lugar a indefensión dos interesados.

Ademais, de conformidade co artigo 58.3 LRPAC, as notificacións defectuosas que contiveran o texto íntegro do acto pero omitisen algun dos demais requisitos previstos no apartado anterior, surtirán efecto a partir da data en que o interesado realice actuacións que supoñan o coñecemento do contido e alcance da resolución ou acto obxecto da notificación ou resolución, ou interpoña calquera recurso que proceda.

Finalmente, como moito, a única retroacción de actuacións que procedería como consecuencia da deficiencia invocada o sería ó mesmo momento da notificación do acordo impugnado.

II.- De acordo co artigo 125 do Regulamento de Xestión Urbanística, RD 3288/1978, de 25 de agosto, o acordo aprobatorio da reparcelación terá, respecto dos dereitos e cargas que deban extinguirse e das plantacións, obras, edificacións, instalacións e melloras que deban destruírse, o mesmo efecto que a acta de ocupación a efectos expropiatorios, isto é, aprobado o proxecto de reparcelación poderá procederse a ocupación da finca arrendada pola vía administrativa.

O artigo 125 RGU, refírese a dereitos que deban extinguirse --ou modificarse-- a virtude da aprobación do proxecto de equidistribución; dereitos que poden recaer tanto sobre bens de natureza privada como públicos, polo que non procede estima-la alegación da recurrente sobre necesidade de limitar o ámbito de aplicación do precepto a bens de natureza pública.

III.- Conforme ó artigo 57. 1 LRPAC "Os actos das Administracións Públicas suxeitos ó Dereito Administrativo se presumirán válidos e producirán efectos desde a data en que se dicten, salvo que neles se dispoña outra cousa." A modificación dos dereitos de inquilinato de D<sup>a</sup> Berta Frade Dieste e a posibilidade de ocupar a vivenda que actualmente disfruta esta en arrendamento prodúxose coa aprobación do proxecto de reparcelación en data 6 de xuño de 2002; proxecto de equidistribución que foi inscrito no Rexistro da Propiedade nos termos que se reflicten no informe do Rexistrador da Propiedade número tres de Vigo, de 23 de xaneiro de 2003, obrante no expediente nº 4280/401 de reparcelación do ámbito e isto con independencia dos eventuais defectos de que puidese adolece-la dita inscrición que deberán ser eventualmente resoltos no procedemento correspondente.



IV.- No período de exposición ó público do procedemento de reparcelación a recurrente invocou o seu dereito de inquilinato; desta alegación deuse vista ó arrendador, que a contestou co ofrecemento de realoxo e indemnización pola suspensión temporal do dereito de arrendamento que consta no expediente; ofrecemento que foi considerado suficiente polos técnicos municipais nos seus informes de 29 de maio de 2002 e 30 de maio de 2002; razón pola cal, de acordo cos ditos informes, aprobouse o proxecto de reparcelación impondo a propiedade da parcela na que se empraza a vivenda arrendada á recurrente as abrigas de realoxo e indemnización temporal por suspensión do arrendamento que figuran no acordo aprobatorio da reparcelación. Como queira que a modificación introducida no proxecto de equidistribución non afectaba substancialmente o seu contido xeral non resultou preciso repeti-lo trámite de audiencia.

Seguiuse, pois, o procedente establecido para a tramitación do procedemento de equidistribución e a Administración municipal interveu na fixación das contías indemnizatorias fixadas a favor de D<sup>a</sup> Berta Frade Dieste.

VI.- Notificado á recurrente, o 17 de xuño de 2002, con expresión dos recursos procedentes, o acordo aprobatorio da reparcelación, no que se lle recoñecía a esta a condición de acreedora dun dereito de arrendamento sobre unha vivenda de superficie non inferior á que actualmente disfruta en alquiler na rúa Quintela núm. 49-1<sup>o</sup> esquerda, de características análogas a ésta, que se emprazará no edificio a construír sobre a parcela de resultado adxudicada a D<sup>a</sup>. Purificación Veiga Correa e dun dereito de indemnización polo realoxo temporal e gastos de traslado nos termos que se recollen nos antecedentes deste acordo, por D<sup>a</sup>. Berta Frade Dieste, con data 22 de xaneiro de 2003, presentouse escrito no que se limitou a impugnar a idoneidade da vivenda ofrecida para o realoxo temporal, sen facer referencia alguha as cuantías indemnizatorias a ela recoñecidas e ós demais extremos do proxecto de reparcelación.

VII.- Como queira que, de acordo cos artigos 98 e 99 RGU e 105 LSG/1997, a propiedade da parcela solo estaba obrigada á indemnización económica pola suspensión do dereito de arrendamento, debe considerarse a obriga alternativa de realoxo temporal consignada no acordo aprobatorio da reparcelación como unha obriga facultativa na que tan solo se encontra "in obligatione" a prestación indemnizatoria en diñeiro, estando "in solutione" a prestación indemnizatoria polo realoxo temporal mediante a vivenda ofrecida; de tal xeito que a propiedade non está obrigada a mellorar a súa oferta prestacional "in solutione" se a interesada non acepta as condicións desta vivenda, caso no que poderá entenderse que a inquilina opta pola prestación indemnizatoria en diñeiro.

VIII.- Aprobado o proxecto de reparcelación, de conformidade co artigo 125 RGU, poderá procederse a ocupación da finca arrendada pola vía administrativa. A estes efectos o RBEL é aplicable, unicamente, en canto ó procedemento para este desafuzamento administrativo inmediato que deriva dun procedemento de reparcelación ó que lle son de aplicación os artigos 125 RGU e 51 LEF; procedemento que é o que se recolle nos fundamentos xurídicos da resolución impugnada, sen que sexan de aplicación os preceptos que cita a recurrente, que se refiren a desafuzamentos que teñen unha causa distinta á que aquí nos ocupa.

IX.- A lei non distingue, ós efectos da ocupación do inmovible, os casos de que este constituía ou non o domicilio do seu poseedor; circunstancia esta --constituir o inmovible o domicilio habitual do ocupante-- que en materia de execución do planeamento urbanístico será a máis frecuente. Non procede estimar, xa que logo, a alegación de que a doutrina xurisprudencial que permite a aplicación do desafuzamento administrativo á

*reparcelación non é aplicable en caso de constituir o inmovible a ocupar vivenda que sexa domicilio habitual. Polo demais, a autorización para a entrada no domicilio de D<sup>a</sup> Berta Frade Dieste será oportunamente solicitada do Xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo se a mesma chegara a nega-lo acceso a este e o seu desaloxo para proceder a súa ocupación.*

*X.- Finalmente, recordar que a Administración municipal non está obrigada ó realoxo da recurrente; que a posibilidade do seu realoxo por vía de emerxencia social ten que ser apreciada polo Concello noutro procedemento e que os propietarios da vivenda ofrecen subvenir, dentro do razoable, as necesidades da recurrente durante o realoxo temporal, polo que non se estima a concurrencia de circunstancias que aconsellen demora-lo desafiuosamente acordado.*

*XI.- De conformidade co artigo 116 LRXPAC, é competente para resolve-lo recurso de reposición a Xunta de Goberno Local, en canto que autora do acto recurrido.*

*Por todo o exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO*

*Primeiro.- Rexeitar, polas razóns que se conteñen na parte expositiva do presente acordo, o recurso de reposición interposto por D<sup>a</sup>. Berta Frade Dieste contra o acordo da Xunta de Goberno Local do 1 de marzo de 2004 polo que se requiriu a D<sup>a</sup> Berta Frade Dieste a fin de que, no prazo máximo de dez días, a contar da notificación do dito acordo, procedese a desaloxar e deixar libre, a disposición desta Administración municipal e do propietario da parcela de resultado na que se empraza, a vivenda que disfruta en alquiler na rúa Quintela núm. 49-1<sup>o</sup> esquerda, coa advertencia á requerida de que de expira-lo devandito prazo de dez días sen que por ésta se tivese realizado o desaloxo ordenado, polo Alcaldía-Presidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo, dentro dos oito días seguintes á expiración do devandito prazo, se lle apercibiría do lazamento no termo doutros 5 días, procedéndose ó mesmo no día que se sinale, mediante a utilización de medios compulsivos legalmente admitidos, correndo os gastos que se xeneren a custa da requerida.*

*Segundo.- Manter firme o acordo recurrido e, xa que logo, o requirimento de desaloxo a D<sup>a</sup> Berta Frade Dieste, salvo no que os prazos para o desafiuamento se refire, que, se ben serán os mesmos, comenzarán a contar desde a notificación do presente acordo.*

*Terceiro.- Notifíquese, en legal forma, a presente resolución ós interesados no expediente.*

### Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

## **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

**28(605).- PROXECTOS DE OBRAS:**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións dos expediente, a Xunta de Goberno, acorda:

a) **PROXECTO DE URBANIZACIÓN DA RÚA URUGUAY.**

Aprobar o proxecto de Urbanización da rúa Uruguay, fase 1 (entre as rúas Cervantes e República Argentina) e fase 2 (entre a rúa República Argentina e a rúa Colón), redactado pola oficina de acutacións viairas do Concello de Vigo, dependente da Xerencia Municipal de Urbanismo, cun presuposto de contrata de:

1ª.- Fase 532.263,50 € IVE e estudio de seguridade engadidos e un prazo de execución de 4 meses.

2ª.- Fase 263.564,75 € IVE e estudio de seguridade engadidos e un prazo de execución de 3 meses.

b) **PROXECTO DE URBANIZACIÓN DA RÚA CERVANTES.**

Aprobar o proxecto de Urbanización da rúa Cervantes redactado pola oficina de actuacións viairas do Concello de Vigo, dependente da Xerencia Municipal de Urbanismo, cun presuposto de contrata de 469.097,52 €, IVE e proxecto de seguridade e saúde engadidos, e un prazo de execución de 4 meses.

c) **PROXECTO DE AXARDINAMENTO DO BULEVAR DA GRAN VÍA, TRAMO TARRAGONA-PRAZA AMÉRICA.**

Aprobar o proxecto de axardinamento da rúa Gran Vía no tramo entre a rúa Tarragona e Praza América, redactado polo enxeñeiro de Montes do Servizo de Montes, Parques e Xardíns deste Concello, cun presuposto de 183.184,03 € e un prazo de execución de dous meses.

**29(606).- SOLICITUDE DA A.VV. DE CABRAL FEIRA PARA A POSTA Á SÚA DISPOSICIÓN DUNHA PISTA POLIDEPORTIVA. EXPTE. 4490/333.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, conformado pola concelleira de Área de Promoción Económica e desenvolvemento local, que di o seguinte:

*Vista a solicitude da A.VV. de Cabral Feira, de data 14 do mes que andamos, cómpre informar que esta A.VV. utiliza un espacio deportivo que no Inventario Municipal figura como número de propiedade 000515.*

*Esta entidade formulou solicitude de subvención ante a Dirección Xeral de Deportes da Xunta de Galicia, para mellorar o equipamento deportivo na dita instalación, requiríndoselle dende a Xunta a que achegue título bastante que habilite á A.VV. Cabral-Feira para a realización de obras e o uso posterior do construído ou reformado, por un período non inferior a 10 anos.*

*Tendo en conta o anteriormente exposto, é polo que se propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*“1.- Poñer a disposición da A.VV. Cabral Feira unha pista polideportiva situada na Rúa Figueiras, entidade de Cabral, que figura no Inventario Municipal co número 000515, por un período de 10 anos, contados dende a adopción deste acordo.*

*2.- Facultar á devandita entidade para que realice obras de mellora nesa instalación, sendo así mesmo responsable do mantemento da mesma.*

*3.- Esta posta a disposición terá carácter precario, sen prexuízo de que por motivos de índole social ou de interese xeral, se proceda a revocar este acordo antes de 10 anos, co obxecto de posuír o Pleno dominio da instalación deportiva”.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno aproba á proposta contida no precedente informe.

#### **30(607).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás dez horas e trinta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molaes Pérez